

Resolución do 13 de maio do 2024, pola que se declaran ás perdas de dereito ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80% polo Fondo FEADER

Por resolución do 15 de xaneiro de 2024 publícase a relación de solicitudes aprobadas e denegadas das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, autofinancias ao 80 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e en virtude da solicitude presentada ao amparo da ORDE do 15 de marzo de 2023 pola que se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

O artigo 26 da Orde do 15 de marzo de 2023 establece que as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a aceptación da resolución. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada e non será admisible a renuncia posterior. Despois do prazo conferido, presentáronse unha serie de renuncias ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas. Unha vez analizadas as renuncias presentadas, procede declarar, de conformidade coa Instrución do 18 de abril de 2016 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural sobre a resolución de expedientes de subvención, a perda de dereito ao cobro da axuda.

O artigo 26 da citada orde dispón que as resolucións poderán ser notificadas de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polo que, a notificación realizarase mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia.

Por outra banda, de conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (de aquí en diante, Fogga), atribuíuse á Dirección do Fogga a potestade de resolver os procedementos de concesión de axudas que se tramiten no ámbito das súas competencias.

Logo da proposta de resolución da subdirectora xeral de Xestión da PAC e de acordo con o anterior,

RESOLVO:



Primeiro. Declarar as perdas de dereito ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80% polo Fondo FEADER.

Segundo. Facer pública na web do Fogga a relación das resolucións de perda de dereito ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do plan estratéxico da PAC, ao amparo da Orde do 15 de marzo de 2023.

As persoas interesadas poden acceder á web, na seguinte ligazón:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/beneficiario_de_axudas_pac/campá-2023

Terceiro. Poñer ao dispor das persoas interesadas as resolucións completas de perda de dereito indicadas no apartado primeiro mediante a aplicación para teléfonos móbiles «Sga@pp» dispoñible en Google Play ou en App Store, e no «Portal de axudas PAC» a través da seguinte ligazón:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac

Cuarto. Contra as citadas resolucións, que non poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade co artigo 30.4 da citada lei.

Santiago de Compostela, 13 de maio do 2024

A persoa titular da dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria
Por suplencia(Resolución do 30 de abril de 2024 da Conselleira do Medio Rural)
O Director Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria
Juan José Cerviño Varela



ANEXO I
**LISTAXE DE SOLICITANTES CON PERDA DE DEREITO AS AXUDAS RELATIVAS ÁS INTERVENCIÓNS
AMBIENTAIS E CLIMÁTICAS (2023-2027)**

Número de expediente do recurso	Nome e apelidos	NIF da persoa	Liña	Importe aprobado
1236052000040	Ana Belen Touceda Pombo	***3164**	9110063	807,40
1236047000174	O Pontillon SC	J94170206	9110063	1.893,00
1227002000085	Maria Pilar Basanta Basanta	***9640**	9110063	1576,60
1227001000230	Maria Elita Requeijo Pita	***3416**	9110067	5086,49
1227014000178	Jesus Vazquez Leirado	***4504**	9110063	1400,30
1227026000089	Jose Luis Diaz Valcarcel	***5946**	9110063	1908,50
1227051000047	Gema Navia Vega	***9328**	9110067	6606,30
1227065000158	Andres Balseiro Carreiras	***8249**	9110063	4381,30
1215047000001	Gandeiría Leticia S.C.	J70036090	9110063	2374,90
1227011000011	Antonio Eiras Labrada	***6048**	9110063	1826,00
1227031000134	Jose Antonio Rodriguez Diaz	***5043**	9110064	3401,25
1232048000007	Raquel Barja Palma	***3219**	9110063	1335,70
1215056000148	Rosa Mar Caamaño Alvite	***9486**	9110063	720,50
1227040000184	Jose Ramon Garcia Vazquez	***0510**	9110063	2712,6
1236020000059	Mª Luz Mazas Sanmartin	***8253**	9110063	1623,60
1236017000274	Santiago Cajide Hervés	***6041**	9110071	1700,00
1227023000151	Ricardo Loyo Portero	***4250**	9110063	1461,90
1236054000015	Alfonso Pazos Casal	***0095**	9110061	362,00
1227066000022	Berta Del Rio Diaz	***6318**	9110070	3400,00
1227026000087	Graxas Oreiro, SC	J27390475	9110063	1785,30

